



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO

DATA: 29 DE MAIO DE 2008

HORA: 20.30

No Salón de Sesións do Concello de Foz (Lugo), sendo as 20:30 horas do día 29 de maio de 2008, previa convocatoria ó efecto ás 20:30 horas, reuniuse o Concello Pleno co obxecto de celebrar sesión Ordinaria en primeira convocatoria, en cumprimento do disposto no art. 112.1.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José María García Rivera e coa asistencia dos Concelleiros:

- D. Xaime Cancio Rodríguez
- D^a. Ana A. Incera Ares.
- D^a. Rosa Alonso Rodríguez
- D. Pedro M. Fernández Marful
- D. Ramón Sixto Legaspi
- D. Ángel Cao Pérez
- D^a. María Lidia Rodríguez Moreda
- D. José Luís Sánchez García
- D^a. María Luisa Prieto Fanego
- D. Xoán Carlos González Basanta
- D. Balbino Fernández López
- D^a. María Xosefa Alonso Otero

Secretario do Concello de Foz, D. Diego Ballina Díaz,

Asiste tamén o interventor municipal, D. Luís Ramón Vázquez Parga.

A Presidencia, tras comproba-la existencia do quórum esixido polo artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e pásase ó estudo, debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 24 DE ABRIL DE 2008.-

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ:

Na resposta á pregunta sobre a caducidade das licenzas na resposta do señor Alcalde maniféstase que se non hai expediente non hai caducidade, esa precisión non foi feita polo



señor Alcalde na súa resposta, solicitamos que se corrixa

A acta é aprobada por unanimidade coa salvedade reflectida.

2) DECRETOS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN: DAR CONTA.-

A Corporación dáse por enterada.

3) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 9/2008.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación do expediente de modificación número 09 do Orzamento Xeral prorrogado de 2008 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na Memoria de Alcaldía xustifícase o motivo da tramitación deste expediente mediante unha relación das partidas do Estado de Gastos que precisan aumentar o seu saldo de crédito para o desenvolvemento de programas ou o cumprimento de compromisos xa acordados ou previstos polos órganos competentes do Concello.
- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de nove mil trescentos trinta euros (9.330,00 €) e financíase co saldo do remanente de tesouraría de libre disposición procedente do exercicio anterior.

Visto o informe de Intervención emitido o día 28 de abril de 2008 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 177 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de concesión de crédito extraordinario ou de suplemento de crédito, a tipoloxía da cal e procedemento detállase nos artigos 34 e seguintes do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- O artigo 177.2 do Texto Refundido citado, que atribúe competencia ao Concello Pleno para a aprobación deste expediente, ao que lle resultan de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade do Orzamento Xeral.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 09 de modificación do Orzamento Xeral de 2008 por importe de nove mil trescentos trinta euros (9.330,00 €), que se financia co saldo do remanente de tesouraría de libre disposición de acordo coa seguinte proposta:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN NÚMERO 09 DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO DE 2008.

SUPLEMENTO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
222.151	Seguridade. Gratificacións por servizos extraordinarios	0,00	6.000,00	6.000,00
314.22621	Pensións e outras prestacións. Plan de pensións	7.165,00	3.330,00	10.465,00
Total expediente de modificación de créditos 09/2008				9.330,00

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
870.00	Remanente de Tesourería para financiar créditos extraordinarios	0,00	6.000,00	6.000,00
870.01	Remanente de Tesourería para financiar suplementos de crédito.	0,00	3.330,00	3.330,00
Total financiamento expediente de modificación de créditos 09/2008				9.330,00

SEGUNDO. - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitírase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

4) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2008.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

En aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o fosen naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación se non existe consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta ademais que, neste caso concreto, é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación.

Bolsa Vinculación	Denominación	Importe Actual	Dispoñible	Importe REC
4.2	Producción de bens públicos de carácter social. Gastos en bens correntes e servizos	1.322.197,00	888.890,45	2.062,07
TOTAL				2.062,07

Visto o informe emitido polo Interventor Municipal de data 12 de maio de 2008.

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **2.062,07 euros**, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se relacionan a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

Num.	Num. Fact..	Data fact	Terceiro	Concepto	Importe	Partida
1	9R6JC0000438	13/10/2006	Telefónica de España SA	Material e conexións ADSL para o Party Foz 2006	545,13	451.22200
2	9R6JC0000439	13/10/2006	Telefónica de España SA	Material e conexións ADSL para o Party Foz 2006	544,65	451.22200
3	9R6JC0000440	13/10/2006	Telefónica de España SA	Material e conexións ADSL para o Party Foz 2006	544,65	451.22200
4	9R6JC0000441	13/10/2006	Telefónica de España SA	Material e conexións ADSL para o Party Foz 2006	545,38	451.22200
5	9R6JC0000442	13/10/2006	Telefónica de España SA	Material e conexións ADSL para o Party Foz 2006	544,65	451.22200
6	9R6JC0000443	13/10/2006	Telefónica de España SA	Material e conexións ADSL para o Party Foz 2006	552,92	451.22200
7	60D8RR002393	16/04/2008	Telefónica de España SA	Abono parcial Material e conexións ADSL para o Party Foz 2006	-1.688,59	451.22200
8	05/006753	15/04/2007	Construdeco Norte S.L.	Cadeiras de plástico para a Sala Bahía	473,28	451.22608
TOTAL					2.062,07	

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2008, os créditos aprobados, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado na táboa anterior, nas que se realizará a correspondente retención.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**



- 5) **DACIÓN DE CONTA DA ORDE DE DEZ DE ABRIL DE 2008 POLA QUE SE EXCLÚE DO CATÁLOGO DE MONTES DE UTILIDADE PÚBLICA DA PROVINCIA DE LUGO O MONTE TEIXEIRA SITUADO NO CONCELLO DE FOZ.-**

O Pleno Municipal dáse por enterado.

- 6) **DACIÓN DE CONTA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS CARA O ANO 2008 O ABEIRO DA ORDE DE 18 DE MARZO DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR.-**

O Pleno Municipal dáse por enterado.

- 7) **APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO.-**

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular, ditaminada favorablemente pola comisión informativa e enmendado de verbo polo seu propoñente ante o Pleno Municipal, coia parte resolutoria di:

- 1) Instar á Xunta de Galicia a que realice as xestións diante das administracións competentes co obxecto de promover as seguintes medidas:
 - a) A habilitación dun mecanismo polo que se leven a cabo descontos para paliar o prezo de gasóleo
 - b) Que se poña en marcha unha campaña de promoción dos produtos pesqueiros, destinada a fomentar a venda e consumo do peixe, co obxecto de que contribúa a frear a depreciación das especies comerciais de máis interese para Galicia
 - c) A posta en marcha dunha batería de medidas fiscais.
 - d) A elaborar en compañía das distintas administracións públicas implicadas, sindicatos e organizacións pesqueiras máis representativas, dun plan estratéxico da pesca para os próximos anos, que inclúa un instrumento de análise e observancia da evolución dos prezos do gasóleo, por si esta requirise da implementación de mecanismos compensatorios.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

e) Intensificar control das importacións de peixe foráneo, así como do etiquetado que, entre outras cuestións, identifica a procedencia das especies comerciais de venda no noso país

2) Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e á Federación Galega de Confrarías de Pescadores

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Está moi clara a situación na que se atopa todo o sector e todas as industrias e servizos complementarios. A día de hoxe ir faenar non é rendible e isto pode levar consigo a destrución dun dos sectores máis fortes da comunidade

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: A suba dos prezos dos combustibles é estrutural, prodúcese de forma continuada dende o ano 2000 non facéndose nada dende os partidos gobernantes. Existen conflitos xeoestratéxicos e especulacións internacionais que fan que o prezo suba de forma continuada.

Ademais nesta materia Galicia carece de competencias en materia de combustibles nin de importación co que a marxe de manobra é limitada.

Téñense que tomar medidas noutros sentidos, potenciando novas fontes de enerxía, mellorando a etiquetaxe e valorizando a primeira venda do peixe

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR CANCIO RODRÍGUEZ: Non hai dúbida que o sector pesqueiro está en crise, unha crise que a vai agravada pola suba de combustibles. Unha suba que hai que deixar claro que afecta a todos os sectores e non solo ao sector pesqueiro.

Hai puntos da moción cos que estamos de acordo e con outros non. Non se pode pedir que se subvencione o gasóleo por que está prohibido pola UE nin se pode dicir que a administración non estea a facer nada. Non se pode subvencionar ao sector a fondo perdido a base dos impostos porque o ano que vén estaríamos igual. Precísanse medidas estruturais

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Esta claro que hoxe temos un sector en crise, en parte, é posible, como consecuencia da súa propia actuación pero o que resulta incontestable é que hai que tomar medidas para paliar esa situación. Podemos chegar a un entendemento emendado a moción pero non podemos asumir as propostas do BNG por xenéricas.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: Non é unha proposta xenérica fórmulanse medidas concretas a tomar polas instancias competentes.

Sometido a votación o ditame é **aprobado con nove votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi, D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García e D^a María Luisa Prieto Fanego) e tres votos en contra D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.**

8) **APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA AS DEMORAS QUE SE ESTÁN A**



REXISTRAR PARA O ACCESO A DETERMINADAS ESPECIALIDADES MÉDICAS NO HOSPITAL DA COSTA.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular, ditaminada favorablemente pola comisión informativa, coia parte resolutoria di:

- Instar á Xunta de Galicia á artellar os mecanismos que sexan necesarios para dar solución ás demoras que se están a rexistrar nas consultas de especialidades médicas do Hospital da Costa, de tal xeito que se garanta que os datos sobre as listas de espera que se rexistran no centro hospitalario mariñán poidan equipararse á espera media do resto dos hospitais públicos de Galicia

Remitir este Acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade, á Xerencia do Hospital da Costa e a todos os Grupos Políticos con representación na Cámara galega

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: A atención sanitaria no Hospital da Costa é moi deficitaria especialmente en concretas especialidades como cardioloxía, medicina interna,... é necesario que se dote dos especialistas necesarios para que se poidan reducir as listas de espera que a día de hoxe son moi superiores a medias de SERGAS

O SEÑOR ALCALDE: Canto mellor estea o Hospital da Costa mellor para todos. O que non estamos de acordo é na exposición da moción. Non debemos fixarnos en quen fixo que, o que a xente demanda son mellores servizos sanitarios sen preocuparse de máis.

Sometido a votación o ditame é **aprobado por unanimidade.**

9) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AO ANTEPROXECTO DE LEI INTEGRAL EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS E OUTROS TRASTORNOS ADITIVOS.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal socialista, ditaminada favorablemente pola comisión informativa coia parte resolutoria di:

- .- Que, pola importancia socioeconómica que ten o sector do viño en Galicia, non se impulsen decisións que diminúan a súa capacidade productiva e o seu potencial para producir emprego e riqueza en amplas zonas do rural galego.
- Que no plano das deficiencias, regulacións e restricións, referidas a bebidas alcohólicas fermentadas en xeral e ó viño en particular, e ó seu consumo por adultos, non se vaia mais alá da legalidade vixente, agás no que afecte á relación alcohol/condución e ás restricións relativas a menores de idade.
- Que a regulación neste ámbito teña como obxectivos fundamentais: protexer ó menor



fronte ao alcohol, evitar a asociación alcohol e condución, e a diminución do consumo abusivo de bebidas alcohólicas, sobre todo as destiladas, por parte da poboación xuvenil.

- Que a norma, respectando as competencias da administración local, permita acadar un axeitado nivel de convivencia cidadá no emprego racional dos espazos públicos en Galicia.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

10) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á MOCIÓN EN ORDE A SOLICITAR A QUE SE PROCEDA Á RESTRUCTURACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS DO CONCELLO DE FOZ.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular, enmendada e ditaminada favorablemente pola comisión informativa, coa parte resolutoria di:

Vistos os problemas existentes na distribución das mesas electorais existentes no Concello de Foz que xeneran importantes problemas para poder exercer o seu dereito a voto as persoas maiores que residen no medio rural e a complexidade dos recontos dos votos nas mesas da Vila de Foz pola súa extensión.

Dende o Concello de Foz solicítase á Xunta Electoral:

- Que se proceda á elaboración dun estudo integral das mesas electorais do Concello de Foz en orde a propoñer solucións para que a cidadanía poda exercer coas maiores facilidades o seu dereito constitucional ó voto.
- Que se presta especial atención ás mesas de Cangas de Foz- Cordido e ás de Santa Cilla- San Acisclo en atención a posibilidade de crear seccións diferenciadas nas mesmas.
- Que se proceda á creación de novas mesas electorais, ou seccións das xa existentes na Vila de Foz

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

11) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO ESCUDO MUNICIPAL.-



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Vista proposta da Comisión Galega de Heráldica relativa á forma definitiva do escudo do Concello de Foz

Visto o informe de Secretaría de fecha 13/05/2008, propónse ao Pleno a adopción do seguinte Acordo,

PRIMEIRO. Aprobar a proposta da Comisión de Heráldica de Galicia que contén o debuxo-proxecto da forma definitiva do escudo Concello de Foz

SEGUNDO. Publicar no *Boletín Oficial da Provincia*, no *DOG* e no taboleiro de anuncios do Concello, durante o prazo de vinte días, para que poidan presentarse as alegacións que se consideren pertinentes.

TERCEIRO. Remitir, unha vez que transcorra o prazo de información pública, ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia, para que en cumprimento do artigo 187 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, proceda á aprobación definitiva da modificación do escudo do Concello de Foz

CUARTO. Adoptar como escudo deste Municipio o que se describe na proposta da Comisión de Heráldica de Galicia aprobada, unha vez que se recibe a aprobación do órgano competente da Comunidade Autónoma.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

12) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADOPCIÓN DE ACORDOS EN RELACIÓN COA REALIZACIÓN DE OBRA "COLECTORES XERAIS E E.D.A.R. DE FORXÁN" (OH.327.502).-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Visto o escrito remitido por Augas de Galicia no que se solicita a toma dun acordo polo Pleno da Corporación en orde a tramitación do expediente para a realización da obra



“COLECTORES XERAIS E E.D.A.R. DE FORXÁN. FOZ (LUGO)”, PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Aprobado o anteproxecto remitido dende Augas de Galicia
2. Solicitar, ó Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do cen por cen do custo das obras
3. Adoptar o compromiso de entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización destas
4. Renunciar de forma expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras
5. Expoñer o anteproxecto durante 20 días hábiles a partir da publicación do anuncio no BOP
6. Compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución
7. Compromiso de actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización
8. Facultar ao sr. Alcalde para solicitar o financiamento.

O SEÑOR ALCALDE: Temos unha depuradora que non funciona e todas as culpas llas/llelas botan ao Alcalde. Esta Alcaldía ponse en marcha e obtén da Xunta de Galicia mil trescentos millóns de pesetas e que se poña a Foz en primeiro lugar para realizar as obras. Todas as parroquias teñen as súas depuradoras e asumen a súa parte de responsabilidade no tema da depuración que é un servizo obrigatorio. Que quede claro que o que se fai aquí é abrirlo a información pública. O noso grupo quere a depuración e quere que este expediente vaia adiante porque se non se fai será posible que perdamos a inversión.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: O que teño claro é que a participación cidadá é moi importante. Obviamente os que estamos sentados aquí non podemos entender de todo e non podemos entrar a valorar se a situación é a máis axeitada ou non. O que se temos claro é que, neste tema o señor Alcalde non actuou co tacto necesario nunha situación que xera sensibilidades concretas polas malas experiencias existentes. Aquí, como no relativo ao PXOM, o que se lle pide é máis información. Polo que formularon os veciños segue habendo un montón de dúbidas. Por iso pedimos déixese o asunto enriba da mesa para darlles máis explicacións aos veciños para chegar, dentro do posible a un consenso político e social.

O SEÑOR ALCALDE: Déronse todas as explicacións, viñeron os técnicos, non é posible o acordo posto que o que se formula polos veciños é un cambio de situación: levarse a depuradora a outra parroquia, a Fazouro, que xa ten dúas depuradoras e que pola asociación de veciños xa se manifestou por escrito o seu rexeitamento frontal a ter que asumir esa infraestrutura.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: A necesidade desta depuradora vén da imprevisión da anterior. Sobre a infraestrutura que se propón fórmulanse moitas dúbidas, hai dúbidas sobre a súa situación, sobre o impacto social e paisaxístico que vai ter, sobre os malos olores que pode xerar, sobre a necesidade dunha infraestrutura con capacidade potencial para trinta mil habitantes. Hai que dar máis información aos veciños facilitando, por exemplo, a posibilidade de que visiten instalacións similares existentes noutros concellos. Que se deixe o asunto uns días máis para buscar o maior



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

consenso posible.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR CANCIO RODRÍGUEZ: Temos que votar esta opción ou deixar a Foz sen depuradora. Ou asumimos esta opción con responsabilidade ou quedamos sen depuradora. Estanse a dar suposicións, sobre olores, sobre verteduras, ... por certas tan só porque o anteproxecto prevé solucións para o caso de que se desen eses problemas. Se nos negamos a instalar esta depuradora teriamos que sacar as demais que temos noutras parroquias por idénticos motivos.

Sometido a votación a proposta de deixar enriba da mesa o asunto a mesma é **aprobada con sete votos a favor (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García, D^a María Luisa Prieto Fanego D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero) e seis votos en contra (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi.)**

13) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE FOZ.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Visto o escrito remitido polo organismo Augas de Galicia en orde a realización de traballos para a mellora da rede de abastecemento de Foz en orde a tramitación de expediente administrativo o abeiro do Decreto 84/1999 sobre colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribución concedidas pola lexislación de réxime local, **propono ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:**

PRIMEIRO. – A aprobación do proxecto obrante no expediente administrativo

SEGUNDO. –Solicitar, á Presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do noventa per cen do custo da obra

TERCEIRO.- Comprometerse a entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para e



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

realización destas

CUARTO.- Renuncia expresa á retención da calquera tipo de taxa, canón ou imposto de carácter local con motivo das obras

QUINTO.- Que se expoña ó público o proxecto durante vinte días hábiles

SEXTO.- Compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución

SÉTIMO.- Compromiso de actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización de conformidade coa formula prevista por Augas de Galicia

OITAVO.- Compromiso de ingresar o vinte per cen da anualidade, calculada de conformidade coa metodoloxía sinalada na caixa de Augas de Galicia ó longo dun período de vinte anos e que se destinará á reposición de infraestruturas hidráulicas ou a construción doutras novas

NOVENO.- Compromiso de achegar a cantidade total de 217.801,48 € correspondente á parte do presuposto das obras que financiará o Concello, coas seguintes anualidades:

Ano 2008: 108.900,74 €

Ano 2009: 108.900,74 €

DÉCIMO.- Facultar ao señor Alcalde-Presidente para solicitar o financiamento do noventa per cen do orzamento das obras

O SEÑOR ALCALDE: En tres proxectos no que vai de lexislatura trouxemos máis de tres mil millóns de pesetas. Neste proxecto a achega municipal é pequena e o posible incremento das tarifas utilizarase en función das obras que se realicen nos próximos anos. Explicouse o proxecto aos veciños e están de acordo con el con algunha pequena salvidade

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: O que hai que deixar claro é que a subvención non é ao cen por cen. O concello vai ter que achegar un vinte por cento a través do incremento das tarifas. Se non nolo reclaman, como vostede manifestou, mellor pero asumimos o compromiso.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: O problema que leva consigo esta subvención é no relativo á actualización de tarifas: ¿canto van subir? ¿Que obras se van realizar? Con este tipo de políticas neoliberais as que se benefician son as empresas concesionarias. Primeiro a administración fai unhas obras que explota un concesionario que sobe as tarifas dos veciños

Sometido a votación o ditame **é aprobado con nove votos a favor (D. José María**



García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi, D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García e D^a María Luisa Prieto Fanego) e tres votos abstencións (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero).

14) **APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A CALIFICACIÓN E INCORPORACIÓN AO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DOS TERREOS CEDIDOS POR PRIMERA CALIDAD PROMOCIÓN DE VIVIENDAS EN CONCEPCIÓN ARENAL.-**

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Visto o documento administrativo de cesión formalizado polo Concello de Foz e PRIMERA CALIDAD PROMOCIÓN DE VIVIENDAS de data 28 de xaneiro de 2008 en cumprimento das condicións fixadas no estudo de detalle aprobado para desenrolo da zona

PROPOÑO

PRIMEIRO. A incorporación dos citados terreos ao Inventario Municipal de Bens para o seu destino a viais municipais de conformidade co destino previsto nas normas urbanísticas coa calificación de ben de dominio público.

Sometido a votación o ditame é **aprobado por unanimidade.**

15) **APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO INFORME MUNICIPAL DO PLAN DIRECTOR DE INSTALACIÓNS NAÚTICO DEPORTIVAS DE GALICIA E DO INFORME DO SUSTENIBILIDAD AMBIENTAL (ISA) CORRESPONDENTE.-**

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Visto o requerimento efectuado dende a Xunta de Galicia, Portos de Galicia, para a



elaboración de informe municipal en relación co Plan Director de Instalación Náutico Deportivas de Galicia así como do Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA).

Analizado o proxecto polos técnicos municipais

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribución concedidas pola lexislación de réxime local, **propono ao Pleno Municipal:**

PRIMEIRO. –Manifestar a conformidade municipal có incremento de 200 prazas ara marina seca no muelle interior e para a ampliación de 150 amarres en Porto Chico

SEGUNDO. – Manifestar o rexeitamento municipal a actuación que pretende desenrolar douscentos novos amarres na praia da Rapadoira por supoñer unha actuación inxustificada, que minoraría os usos da praia más popular e emblemática de Foz e con un elevadísimo custo medioambiental que afectaría a Pena da Rapadoira

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo a Portos de Galicia

O SEÑOR ALCALDE: Non podemos estar de acordo coa obra da Rapadoira posto que o beneficio que se obtén non é proporcional ao que se destrúe. De aí para atrás o que se formula parécenos ben.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Non se pode estragar unha zona tan significativa de Foz, o que non nos parece de recibo é que se redacten estes planos sen contar para nada coa opinión do Concello de Foz.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

16) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A REDACCIÓN DUN PROXECTO PARA A CREACIÓN DUN APARCADOIRO SUBTERRÁNEO NA ÁREA DO CAMPO DA CABANA.-

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal do BNG, ditaminada desfavorablemente pola comisión informativa, coia parte resolutoria di:

- Que o Concello de Foz proceda a licitar nun prazo de tres meses o proxecto constructivo dun aparcadoiro subterráneo de aproximadamente 300 prazas na área do parque e da pista polideportiva do Campo da Cabana

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: Con esta proposta o que pretendemos é intentar resolver os problemas de aparcamento que hai na vila. É necesario que se faga algo en materia de aparcamentos de xeito inmediato.

O SEÑOR ALCALDE: Estamos ante un parque histórico e centenario na vila ademais é unha



infraestrutura innecesaria na zona, porque hai zonas de aparcamento na zona, O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Recoñecemos o problema de aparcamento que existe pero o Campo dá cabana non é o lugar máis idóneo para a realización desa actuación.

Sometido a votación o ditame **obten con nove votos en contra (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi, D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García e D^a María Luisa Prieto Fanego) e tres votos a favor (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.)** quedando en consecuencia rexeitado.

17) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á PROPOSTA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS DE TRABALLO DO PXOM.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía, enmendada de verbo ante o Pleno Municipal, ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Visto os acordos tomados no seno do Consello Consultivo de Planificación Urbanística de data 20/02/08

PROPOÑO

PRIMEIRO. A aprobación do procedemento que deben seguir as propostas dos grupos de traballo do PXOM:

- 1) As propostas faranse por escrito, sendo firmadas por tódolos compoñentes do grupo de traballo que esteñan conformes con elas; Os que non esteñan conformes, así o manifestarán, quedando constancia, por escrito, dos motivos da súa disconformidade. Irán acompañadas de planos das distintas zonas que se queren modificar, sendo remitidas ó Sr. Presidente do Consello Consultivo (Sr. José M. Garcia Rivera)
- 2) O Sr. Presidente, ou calquer membro do grupo de traballo, levará as propostas como alegacións ao PXOM ó Concello, dándolles entrada no rexistro.
- 3) O Sr. Alcalde, Presidente do Pleno do Consello, remitirá estas propostas ós redactores do PXOM, no prazo dunha semana.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- 4) Os redactores do PXOM, terán un prazo de quince días, dende a data de entrada das propostas no rexistro do Concello de Foz, para resolvelas.
- 5) As propostas informadas favorablemente polos redactores do PXOM, serán enviadas, nun prazo máximo de tres días, xunto cun informe firmado, explicando os motivos da súa información ó Presidente da Mesa do Pleno (Sr. José M.García Rivera) con copia e rexistro de saída do Concello para o Presidente do grupo de traballo correspondente.
- 6) As propostas informadas desfavorablemente polos redactores do PXOM, serán enviadas ó grupo de traballo de onde proceden, no prazo máximo de tres días, con copia para o Presidente da Mesa do Pleno, xunto cun informe dos redactores do PXOM, explicando os motivos polos que esa proposta foi informada desfavorablemente.
- 7) O grupo de traballo estudiará, xunto cun asesor independente, o informe antes mencionado.
- 8) Se se observase que o informe non ten unha causa xustificada para rexeitar a proposta, ésta remitirase ó Pleno do Consello. O Pleno do Consello convocarase, con carácter extraordinario, podendo asistir tamén os redactores do PXOM, e nese pleno debatirase entre todos si a proposta ten xustificación legal para ser aprobada ou rexeitada.
- 9) Tódalas propostas aprobadas no Pleno do Consello remitiranse á Corporación Municipal para a súa tramitación.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Isto é un exemplo positivo do que é a participación cidadá nos asuntos públicos.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

Fora da orde do día sométese a consideración do Pleno Municipal as seguintes propostas da Alcaldía:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á INSTALACIÓN DUNHA OFICINA MUNICIPAL NA PARROQUIA DE CANGAS.-

A urxencia da proposta é acordada por unanimidade.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Concello de Foz sigue có seu proxecto de acercar a Administración aos cidadáns, si fai pouco tempo construíamos infraestructuras importantes como a Casa da Cultura, Centro Social, Casa da Xuventude, en construción unha nova gardería infantil, recuperación da Sala Bahía, Centros Sociais en tódalas parroquias do rural, etc. etc., o proxecto de goberno contempla tamén nese afán de acercar a administración aos administrados a descentralización de servizos hacia o noso medio rural, así propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a idea de montar na parroquia de Cangas de Foz, en consenso coa Asociación de Veciños da mesma parroquia, un local que dará servizo a tódolos usuarios que así o demanden das parroquias de: Cangas, Cordido e Nois, dito local é unha oficina do Concello de Foz donde na mesma se poderán realizar todo tipo de consultas e expedientes diarios que teñan que ver coa vida administrativa do Concello de Foz.

Dita proposta ben baseada en que esta cidadanía dista do noso Concello máis de 12 km. e a súa poboación sobrepasa os 1.500 habitantes, polo que a parte de descargar traballo aos servizos centrais do Concello de Foz, vai a permitir que todas aquelas pequenas cousas de trámite pero diarias como: rexistro de documentos, consultas varias sobre subvencións e outros menesteres, recollida de residuos sólidos con anotación preventiva, anotacións diarias de rexistro de averías nese medio, etc. etc. etc..

Por todo o exposto, solicito ao Pleno da Corporación que se inicie dito expediente, facendo fincapé no mesmo de que a Asociación Veciñal de Cangas aporte un local axeitado para instalar dita oficina dependente do Concello de Foz.

O SEÑOR ALCALDE: O Concello de Foz está próximo xa aos dez mil habitantes. Na zona de Cangas, Nois e Cordido viven en torno a mil cincocentas persoas que teñen máis de dez quilómetros ao Concello co cal, con esta oficina, se lles facilitará moito o día a día.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: A idea de achegar aos cidadáns a administración é boa pero sería tamén interesante apostar polo desenvolvemento tecnolóxico que achega aos cidadáns ao Concello mediante a informática

Sometido a votación a proposta **é aprobada por unanimidade.**

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN IMPULSORA DO PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DA MARIÑA.-

A urxencia da proposta é acordada por unanimidade.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Visto o decreto da Consellería de Traballo polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego e a iniciativa da Xunta de Galicia en orde a constituir un pacto territorial de emprego na mariña

Analizados os estatutos da mesma e tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribucións concedidas pola lexislación de réxime local, **propoño ao Pleno Municipal:**

PRIMEIRO. –Aprobar os estatutos da Asociación impulsora do Pacto territorial de emprego da mariña

SEGUNDO. –Solicitar a adhesión á Asociación impulsora do Pacto territorial de emprego da mariña

TERCEIRO.- Nomear a D. Xaime Cancio Rodríguez como representante do Concello de Foz en dita asociación

CUARTO.- Notificar ao Conselleiro de Traballo, D. Ricardo Jacinto Varela Sánchez a adhesión ao Pacto territorial de emprego da Mariña sugundo se reflicte no apartado 2º, artigo 4º do Decreto 98/2008 do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego

QUINTO.- Nomear como vogal na Asamblea Xeral do Pacto Territorial de Emprego da Mariña en representación do Concello de Foz a D. Xaime Cancio Rodríguez cumprindo co reflectido no apartado 1ºC do artigo 5º do referido decreto 98/2008

O SEÑOR ALCALDE: A actuación busca analizar as demandas de emprego na bisbarra coordinando as peticións de subvencións. A motivación da urxencia é polos prazos impostos pola Xunta.

Sometido a votación a proposta **é aprobada por unanimidade.**

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA PRIMEIRA FASE DA RESTAURACIÓN DA CATEDRAL DE SAN MARTIÑO.-

A urxencia da proposta é acordada por unanimidade.

Visto proxecto redactado polo director facultativo das obras de restauración da Catedral de San Martiño motivado pola imposibilidade de levar a efecto determinadas unidades de obra prevista no proxecto orixinal en atención aos requerimentos feitos pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

Visto o informe do secretario municipal de data 26 de maio de 08



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribución concedidas pola lexislación de réxime local, **propoño ao Pleno Municipal:**

PRIMEIRO. –Aprobar o proxecto modificado da primeira fase da restauración da Catedral de San Martiño condicionado ao informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

SEGUNDO. –Formalizar a citada modificación nos termos e condición do artigo 140 da LCSP

O SEÑOR ALCALDE: O motivo da modificación o proxecto vén esixido por patrimonio dende a Xunta e a aprobación a ir condicionada a que a Xunta dea a súa aprobación.

Sometido a votación o ditame é **aprobada con nove votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi, D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García e D^a María Luisa Prieto Fanego) e tres votos abstencións D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.**

ROGOS E PREGUNTAS.-

- ROGOS

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

- 1) Que se axeite Rondalla Latexos no centro da vila e, se é posible, unha parcela privada que existe na zona se xestione para utilizala como aparcamento.
- 2) No paseo do porto, á altura de Conde de Fontao, existen baldosas soltas e en mal estado.
- 3) Que se organice a ocupación de vías públicas que está a facer o Concello para a realización de diversas obras como as do club Náutico e a da galescola pola falta de seguridade existente.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG

- 1) Que se pidan desculpas ante a cidadanía polas informacións falsas que se deron en relación coa apertura do proceso de selección das galescolas.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR CANCIO RODRÍGUEZ: Dende a delegación de Cultura o que se fixo foi dar a coñecer a publicación das bases que se ían utilizar para a selección de persoal. Se alguén entendeu que se podían presentar instancias xa pedimos perdón pero non me parece que a nosa actuación fora tan grave.

- 2) Na rúa do centro de saúde e na rúa Atalaia existen importantes problemas de tráfico que impiden a correcta circulación.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

3) Hai unha ducha na praia de LLas que leva máis de seis meses tirada.

- PREGUNTAS

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

1) ¿Cando se van tomar medidas de seguridade para que a carga e descarga e a ocupación de vía pública se fagan nas condicións axeitadas?

O SEÑOR ALCALDE: Hai momentos concretos nos que hai problemas pero xa estamos a controlar.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG

1) ¿a contratación de socorristas xa está solucionada?

O SEÑOR ALCALDE: Xa temos a resolución, imos contratar quince socorristas e máis xente para limpeza viaria e para limpeza de praias.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión sendo as 23:40 horas do expresado día, extendéndose de todo elo a presente acta do que eu o Secretario dou fe.

O Alcalde-Presidente

O Secretario

Asdo. José María García Rivera

Asdo. Diego Ballina Díaz